



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Dereito Mercantil: Dereito de sociedades e de títulos-valores	Código	612G01022	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Arean Lalin, Manuel	Correo electrónico	manuel.arean@udc.es	
Profesorado	Arean Lalin, Manuel Cernadas Lázare, Marta	Correo electrónico	manuel.arean@udc.es marta.cernadas.lazare@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Na materia estúdase o Dereito de sociedades, con especial atención ás sociedades de capital, e o Dereito dos títulos-valores, facendo particular fincapé no réxime xurídico da letra de cambio.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios. <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen:</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral.- Lecturas.- Estudo de casos.- Solución de problemas.- Proba obxectiva. <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <ul style="list-style-type: none">- Eventos científicos e/ou divulgativos: celebraranse únicamente se son virtuais.- Proba de ensaio. <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none">- Correo electrónico: segundo necesidade. Empregarase para facer consultas, solicitar titorías virtuais, resolver dúbidas e demais cuestións relativas á materia.- Moodle: segundo necesidade. Tanto en situación de presencialidade como de non presencialidade, esta ferramenta utilizarase para comunicarnos co alumnado e facilitarlle o material e as prácticas da materia. Ademais, habilitaranse os foros pertinentes para recoller as dúbidas.- Teams: empregarase segundo a solicitude do alumnado. Esta ferramenta será utilizada para realizar as titorías de forma virtual.- Bloc de notas de clase de Microsoft OneNote: segundo necesidade. <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>A proba obxectiva representa o 50% da cualificación e consiste nun exame tipo test. Esta proba test segue a contar do mesmo número de preguntas, 30, e os mesmos criterios de puntuación, cada 3 respostas mal contestadas, réstase unha correcta. O test ten carácter eliminatório pero, en caso de ter que aplicar o plan de continxencia, a puntuación mínima desta proba é de 14 puntos sobre 30.</p> <p>O exame tipo test realizarase a través da plataforma de Moodle.</p> <p>A proba de ensaio, que consiste na resolución dun caso práctico coa utilización dun código de leis non comentado e que representa o 30% da cualificación, suprímese. O peso da avaliación continua, que representa o 20% da cualificación e consiste na resolución de casos prácticos e na asistencia e participación nas clases interactivas, modifícase para aumentalo, en caso de ter que aplicar o plan de continxencia, ao 50%.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Requisitos para superar a materia:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Obter unha puntuación mínima de 14 puntos sobre 30 no test.2. Que a suma da nota obtida no test e na avaliación continua sexa de 5 o máis puntos, sobre 10. <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios na bibliografía recollida na guía docente. O alumnado terá dispoñible en Moodle o material empregado en clase, que é o necesario para o estudo da materia.
-----------------------------	---





Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento dos aspectos fundamentais do Dereito de sociedades e dos títulos-valores.	A1 A2 A3 A4 A9 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C5 C7 C8
Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais) relacionadas coa materia da asignatura.	A9 A11	B11	C1 C3
Capacidade para interpretar e analizar criticamente as normas relacionadas coa materia da asignatura.	A9 A10 A11	B11	C1 C3
Capacidade para comprender e redactar documentos xurídicos relacionados coa materia da asignatura.	A11		
Resolver casos prácticos relacionados coa materia da asignatura.	A9 A11	B7 B11	C1 C3
Aplicar un pensamento crítico ás materias da asignatura.	A9 A11	B8 B11	C1 C3
Reflexionar sobre o papel e a importancia das institucións xurídicas obxecto da asignatura no mundo moderno.	A9 A11	B11	
Expresarse correctamente, tanto de xeito oral como escrito.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das novas tecnoloxías para a resolución de problemas xurídicos.			C3



--	--	--	--

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Teoría xeral das sociedades mercantiles. A sociedade colectiva e a sociedade comanditaria.	-
2. As sociedades de capital: nocións fundamentais.	-
3. A fundación das sociedades de capital: achegas sociais e prestacións accesorias.	-
4. As accións, as participacións e as obrigas das sociedades de capital.	-
5. Os órganos das sociedades de capital.	-
6. Outros aspectos das sociedades de capital: contas anuais, modificación de estatutos, separación e exclusión de socios, modificacións estruturais, disolución e liquidación.	-
7. Outros tipos de sociedades: especial atención ás sociedades cooperativas e ás sociedades profesionais.	-
8. Teoría xeral dos títulos-valores.	-
9. A letra de cambio.	.
10. O cheque e o pagarei.	.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A11 B7 B8 B11 C1 C3	2	0	2
Sesión maxistral	A1 A11 B7 B8 C1 C3	26	0	26
Lecturas	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A11 B7 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C3 C5 C7 C8	0	10	10
Estudo de casos	A1 A9 A10 A11	40	0	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A9 A10	8	0	8
Solución de problemas	A1 A9 A10 A11 B7 B8 B11 C1 C3	35	15	50
Proba obxectiva	A1 A9 A10 A11 B7 B8 B11 C1 C3	2	0	2
Atención personalizada		12	0	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	Consiste nun caso práctico que pode resolverse utilizando un código de leis non comentado.
Sesión maxistral	Os temas iniciaranse cunha exposición teórica.
Lecturas	Proporcionaranse textos aos alumnos para a súa lectura atenta.
Estudo de casos	As clases prácticas dedicaranse, en boa medida, ao estudo de casos e sentenzas.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Organizaranse xornadas ou impartirase algunha conferencia por algún especialista nun tema relacionado coa materia.



Solución de problemas	O alumno aprenderá a resolver problemas xurídicos.
Proba obxectiva	Consistirá nun exame teórico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Solución de problemas	Os profesores da materia axudarán aos alumnos a resolver as dúbidas referentes á resolución dos casos prácticos, identificando os problemas máis comúns que mostren os alumnos ao longo do curso.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A1 A9 A10 A11	Avaliarase a actividade dos estudantes nas clases prácticas, en función da súa asistencia e participación.	10
Solución de problemas	A1 A9 A10 A11 B7 B8 B11 C1 C3	Avaliarase a actividade dos estudantes nas clases prácticas, en función da súa asistencia e participación.	10
Proba obxectiva	A1 A9 A10 A11 B7 B8 B11 C1 C3	A proba consiste nun exame final teórico preferentemente tipo test. Será necesario aprobar esta proba para superar a materia.	50
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A11 B7 B8 B11 C1 C3	A proba consiste na resolución dun caso práctico coa utilización dun código de leis non comentado.	30

Observacións avaliación

Será en todo caso necesario obter como mínimo un 5 sobre 10 na proba obxectiva final para aprobar la asignatura.

O alumnado que teña recoñecida a dispensa oficial para cursar a materia a tempo parcial, suprimirase a nota da avaliación continua e no seu lugar o examen caso práctico terá un valor de 50%, en vez de 30%. De ter que aplicar o plan de continxencia aplicarase o mesmo criterio e realizarase unha proba caso práctico.

A segunda oportunidade seguirá exactamente os mesmos criterios de avaliación que a primeira.

O fraude ou plaxio en calquera das actividades do curso e no exame final será penalizado cun suspenso automático na materia (puntuación: 0).

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- MENÉNDEZ/ROJO (Última). Lecciones de Derecho Mercantil. Civitas Tomson Reuters- SÁNCHEZ CALERO (Última). Instituciones de Derecho Mercantil. Aranzadi- BROSETA PONT/MARTÍNEZ SANZ (Última). Manual de Derecho Mercantil. Tecnos- GARCÍA CRUCES (Última). Derecho de sociedades mercantiles. Tirant
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito da Empresa/612G01011

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Dereito Mercantil: Contratos empresariais. Dereito concursal e dereito marítimo/612G01035

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías